



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE 23/01/2025

ENVÍO:

TIPOLOXÍA: CHOIVA E VENTOS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) no seu boletín 15/71 GAL informa dun fenómeno meteorolóxico adverso por **CHOIVAS e VENTOS** de nivel **LARANXA (risco importante)** que dende o mediodía de mañá venres 24 afectará por **CHOIVAS a A CORUÑA (OESTE E SUROESTE)**, prevéndose acumulacións de ata 80 l/m² en 12h, e por **VENTOS a LUGO (A MARIÑA)** esperándose refachos de ata 100 km/h.

Mentres, dende primeiras horas da mañá deste venres 24, teremos aviso AMARELO por CHOIVAS na provincia de Pontevedra, prevense ata 40 l/m² e por VENTOS Lugo (Centro), con refachos de 70 km/h, A Coruña (Noroeste, Oeste, Suroeste) con rachas de 90 km/h e Lugo (Montaña), Ourense (Montaña), Coruña (Interior) e a provincia de Pontevedra con refachos de ata 80 km/h.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es